

MANIFESTO DO DÍA DO PEÓN 2018

Esta é a carta que nos fai chegar María Lado. Ela non pode estar aquí esta mañá, pero non quería perder a oportunidade de saudar a todas as persoas que hoxe ides gastar as prazas coas puntas dos vosos peóns.

"Queridas xogadoras e queridos xogadores:

Seguro que vos estades preguntando por que non estou aí e a que vén isto de mandarvos unha carta. Enseguida volo explico, pero antes, permitídemme que me presente. Chámome María e son escritora. Ás veces, asino como María de Mallou. O nome escollino porque miña nai é de Mallou, en Carnota.

Igual é por iso polo que me convidaron a falarvos esta mañá. Cando me pediron escribir para o Día do Peón pensei que podía ser moi divertido, porque resulta que eu xogo bastante á buxaina. Como teño un fillo de 9 anos, xogo ao peón de madeira, facemos peóns de landra e pasamos tardes enteiras en campionatos de Beyblade... O meu fillo B é o mellor xogador de peón do seu cole de Coruxo, o lugar de Vigo onde vivimos.

Pois é por culpa dos peóns, das buxainas, das sevillanas... chamádelle como queirades! É por culpa dese xoguete que hoxe non podo estar aí con vós.

Todo comezou hai unhas semanas, unha desas noites que houbo tanto temporal. Era de madrugada e, na casa, durmiamos. Chovía a caldeiros. A auga batía no tellado como se quixese furalo. De cando en vez, os lóstregos iluminaban os campos darredor. E eu espertei coa tronada. Era un son aterrador, coma se varios outeiros viñesen rodando polo monte abaixo. Quedei alí na cama, cos ollos moi abertos. "Boh! agora que me desvelei, polo menos vou facer algo" -pensei. E púxenme a buscar en internet datos sobre os peóns para escribir este discurso.

Visitei brinquedia.net, onde atopei moitas cousas, e despois fun saltando dunha páxina a outra. Cerca das tres da mañá, cheguei a un foro internacional de xogadores profesionais de peón e de beyblade. Non sei se o sabedes, pero o nome bey está inspirado na palabra beigoma, que é un xoguete tradicional xaponés, feito de metal, con forma de sevillana, que xira ao soltar a corda que se lle envolve ao redor. Moi semellante aos nosos peóns. No foro atopei unha persoa

conectada. Era un xogador xaponés de 60 anos. "Un avó xaponés enganchado aos peóns", pensei...o que tal hai en interné. O tipo acababa de subir unha pregunta que chamou a miña atención:

"Ola xogadores: Alguén pode axudarme a traducir este antigo Manual de Peóns? Nin sequera sei en que lingua está escrito!"

Ben, a pregunta estaba feita en inglés, eu xa vola traducín. Pero o mellor era que o manual polo que preguntaba, do que subira unha foto da portada, estaba escrito en galego!!!! Non o podía crer! Escribinlle enseguida.

Contoume que había uns días mercara ese manual nun negocio de libros antigos. Faltábanlle as tapas e a metade das follas, porque tiña uns 300 anos. Pero os debuxos das buxainas que aparecían nel eran xeniais. Claro que o xaponés, que se chamaba Yoshihito, non entendía nin unha palabra do que dicía alí.

"Que casualidades ten a vida" -tecleei eu no teléfono mentres fóra a treboada non daba descanso- "eu xustamente son galega e podo axudarche a traducir o que pon aí". Así que durante un par de horas, Yoshihito foime mandando imaxes das páxinas do libro e eu fun traducindo.

Cunha letra moi requintada, aquel libriño do século XVIII contaba a historia dun barco de mariñeiros galegos que, no ano 1679, chegou a Xapón. Os mariñeiros levaban uns peóns de madeira cos que pasaban as horas xogando. No porto, comezaron a facer combates cos mariñeiros doutros lugares e cos xaponeses que andaban por alí. En poucas semanas, as buxainas galegas e aqueles mariñeiros que as lanzaban fixéronse famosas en todo Xapón. Gañaban todos os xogos nos que participaban. E non eran uns peóns calquera, no libro viña un debuxo de cada un deles, e todos tiñan o seu nome e a súa historia...

A máis temible no ataque era a Dama Branca, unha buxaina feita de carballo do Monte Pindo, cunha punta de ferro que relucía coma un diamante. Dicía no libro que a madeira da que saíra pertencía á pola dun carballo nacido ao pé do castelo da raíña Lupa, e que iso lle daba o seu mortífero poder. Lanzábaa un mariñeiro de Quilmas que era zurdo e un só golpe da súa punta fendía ao medio o peón do contrincante.

O capitán, que era de Lira, levaba un peón que bailaba tan rápido que era o preferido para os xogos de carreiras. Era lixeiro e delgado e na punta poñíalle unha pouca cera de abellas de San Mamede co que era imposible de pillar. Chamábanlle o Furacán Vermello, porque estaba pintado con dúas liñas vermellas que, cando o peón viraba a toda velocidade, semellaban a espiral dun furacán.

E aínda había algo máis sorprendente! No barco viaxaban dúas rapazas, irmás xemelgas, que eran as encargadas de ler os mapas e marcar o rumbo. As dúas xogaban con dous peóns que eran temidos

pola súa habilidade para acurrallar ao contrincante. Os nomes destas buxainas eran O Setestrela e A Vella da Noite, porque dicían que cando bailaban destellaban como unha constelación e alampaban coma un feixe de lucecús. Foran feitos coa madeira dun barco naufragado na Costa da Morte que chegara unha noite de mar de fondo á Boca do Río.

Coma estas, todas as buxainas retratadas no libro traían a súa historia e o seu debuxo: A Tarasca Negra, A Píntega Velenosa, O Escornabois, O Peón do Castro, O Relampo, O Trebón de Vadebois...os mesmos nomes xa impoñían respecto!

As páxinas que me ía mandando Yoshihito eran increíbles, pero facíase de día e eu tiña que me erguer para levar os nenos á escola. Así foi como quedei co xaponés para botarlle un ollo ao libro en directo... Pero era un libro moi antigo. Non se pode mandar por correo internacional un libro de trescentos anos!

Por iso non estou hoxe con vós. A esta hora estou de camiño ao aeroporto. Non...non vou voar ao Xapón... Vou recoller a Yoshihito, que trae con el o libriño. Quere visitar Galiza para buscar un artesán que poida volver facer eses peóns míticos.

Pero os peóns, precisan xogadores e xogadores que os fagan históricos. Eu faleille a Yoshihito de vós. Porque xa vos dixen que ao libro lle faltaban moitas páxinas. E vós podedes escribilas. Os vosos peóns poden ser igual de lendarios. Sodes vós quen pode inventarlle historias que os fagan inmortais e especiais. O único que precisades é un chisco de imaxinación e ganas de xogar... Así que tres, dous, un...lanza...mento!